



LOUSAME

MUROS

NOIA

OUTES

PORTO DO SON

ACTA DA XUNTA DIRECTIVA DA ASOCIACIÓN RURAL DE DESENVOLVEMENTO "RÍA MUROS-NOIA" 24/01/2019

No Recinto Ferial de Madrid, no marco da Feira FITUR, pavillón 9, stand de Galicia, o día 24 de xaneiro de 2019, ás 16:00 horas reúnese en Xunta Directiva a Asociación Rural de Desenvolvemento Ría de Muros-Noia.

Asistentes:

Dona **María Teresa Villaverde Pais**, con DNI núm. 76517422X, Presidenta.

Dona **María Xosé Alfonso Torres**, con DNI núm. 33271013H, Vicepresidenta.

Dona **María Beatriz Molinos Vidal**, con DNI núm. 33260032P, Secretaria.

Don **Luis Oujo Pouso**, con DNI núm. 33283149X, Tesoureiro.

Don **José Santiago Freire Abeijón**, con DNI núm. 33272327K, Vogal.

Comeza a reunión coa seguinte **orde do día**:

- 1.- Lectura e aprobación, se procede, da acta da sesión anterior.
- 2.- Solicitude de subvencións varias de Turismo de Galicia e Deputación de A Coruña.
- 3.- Rogos e preguntas.

1.- Lectura e aprobación, se procede, da acta da sesión anterior.

Apróbase por unanimidade dos presentes a acta da Xunta Directiva do 4 de xullo de 2018

2.- Solicitude de subvencións varias de Turismo de Galicia e Deputación da Coruña.

Expóñense as liñas de subvención abertas tanto da Deputación da Coruña como de Turismo de Galicia para 2019:

Deputación da Coruña:

- Subvención para informadores turísticos.
- Subvención para entes de xestión turística.

Turismo de Galicia:

- Subvención para informadores turísticos.
- Subvención para infraestruturas turísticas.
- Subvención para actividades culturais do Xacobeo.



Debido á forma xurídica da ARD, non pode optar ás liñas de Turismo de Galicia por estar estas destinadas exclusivamente a administracións públicas. Polo tanto, a fórmula proposta é a de constituír agrupacións de concellos específicas para cada subvención. No caso da liña de subvencións para informadores turísticos da Deputación da Coruña, dado que os concellos de Muros e Porto do Son van solicitar informadores de xeito individual, polo que os concellos de Lousame, Outes e Noia presentarán unha solicitude conxunta como agrupación de concellos. Cando se teña a confirmación da incorporación dos técnicos se elaborará un plan de traballo conxunto para todo o ano.

Acordos da Xunta Directiva:

1. Acordo da Xunta Directiva da ARD Ría de Muros Noia para solicitar unha subvención con cargo á liña aberta por Resolución da Presidencia da Deputación da Coruña nº659/2019 (BOP de 23 de xaneiro de 2019) para a mellora da calidade, competitividade e actividades turísticas da provincia da Coruña no ano 2019 para.
Orzamento total: 50.000,00 €
Subvención solicitada: 40.000,00 €
2. Aplicar a axuda ao proxecto Creando Destino 2019, co seguinte orzamento:
3. Designar a Teresa Villaverde Pais, Presidenta da Asociación, representante ante a Deputación da Coruña a todos os efectos previstos na dita Resolución da Presidencia da Deputación da Coruña.

Acordos dos concellos de Lousame, Muros, Noia, Outes e Porto do Son.

1. Creación dunha Agrupación dos cinco concellos para concorrer á convocatoria de axudas da Axencia Turismo de Galicia para contratación de persoal das oficinas de turismo (DOG 22 de xaneiro de 2019).
2. Creación dunha Agrupación dos cinco concellos para concorrer á convocatoria de axudas da Axencia Turismo de Galicia para actuacións de mellora das infraestruturas turísticas no medio rural (DOG 16 de xaneiros de 2019).
3. Creación dunha Agrupación dos concellos de Lousame, Noia e Outes para concorrer á convocatoria de axudas da Deputación da Coruña para o financiamento de gasto de persoal nas oficinas de turismo durante o exercicio 2019.
4. Creación dunha Agrupación dos cinco concellos para correr á convocatoria de axudas do programa O Teu Xacobeo da Axencia Turismo de Galicia (DOG 14 de xaneiro de 2019) para a produción dunha exposición itinerante sobre o patrimonio xacobeo da Ría de Muros Noia.



3.- Rogos e preguntas.

Na quenda de rogos e preguntas a presidenta informa do contido da reunión que mantivo co Conselleiro de Cultura da Xunta de Galicia relativa á declaración do Camiño a Santiago da Ría de Muros-Noia.

O balance da reunión é que se conta co apoio do conselleiro e que se debe seguir traballando na liña que se está levando ata o momento.

Non habendo rogos nin preguntas máis que tratar, levántase a sesión sendo as 17:30 horas do día da data arriba indicada.

The image shows several handwritten signatures and scribbles on a horizontal line. From left to right: a signature that appears to be 'X. Lopez'; a signature that appears to be 'R. B. ...'; a signature that appears to be 'S. ...'; and a circular scribble containing the number '10'.